



Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Dodro para a execución da actuación de saneamento en Lestrobe. Concello de Dodro (A Coruña), cofinanciado polo Fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural Galicia 2014-2020

1 A entidade pública empresarial Augas de Galicia é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de augas e obras hidráulicas

Entre outras competencias, e de acordo co establecido na Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, correspóndelle a esta entidade a ordenación administrativa e a planificación das obras hidráulicas non declaradas de interese xeral (artigo 4.1 a)) e, de xeito concreto, no ámbito do saneamento e a depuración, correspóndelle a ordenación dos servizos de saneamento en alta (artigo 11.5 a)) e a elaboración dos criterios de coordinación das actuacións das entidades locais (artigo 11.5 b) e 26.2d)). En calquera caso, as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia exerceranse sempre de conformidade co principio de garantía e eficacia do servizo público de abastecemento (artigo 3.1 f)).

2 Actualmente a rede de saneamento e pluviais do núcleo de Lestrobe conforman unha rede unitaria polo que se fai precisa a execución dunha rede separativa que optimice o funcionamento do sistema de colectores ao mesmo tempo que se evita que as augas pluviais deste núcleo sexan vertidas á depuradora.

3 Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Dodro o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31.12.2018. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas no convenio.

4 O convenio ten por obxecto establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Dodro para acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes no “Saneamento en Lestrobe. Concello de Dodro (A Coruña)”, a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento .

5 O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do saneamento e depuración de augas residuais terá por finalidade contribuír á execución do bo estado ecolóxico das augas e dos ecosistemas asociados mediante o cumprimento dos obxectivos establecidos na lexislación aplicable, fomentándose a reutilización das augas depuradas cando isto sexa viable.





Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de saneamento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularse a través de diversos mecanismos como son, a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das entidades locais galegas (artigo 11.3 d), e a regulación e ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).

O artigo 57 da Lei de bases do réxime local, e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Santiago de Compostela

O director de Augas de Galicia

Roberto Rodríguez Martínez

(asinado dixitalmente)

